





Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 0097/2017**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 23 de outubro de 2018 a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 23 de outubro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada a unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Teo.

A interesada indicaba que o 2 de maio de 2017 requiríu ao Concello información relativa a realización dunhas obras no vial que une a Rúa do REdullo e a estrada DP-0206, na zona na que se ubican as vivendas números 22, 23, 24 e 26. Adxuntándolle copia do plano da zona sinalando o vial no que se estaban a levar a cabo as actuacións. Se solicitaban tres informacións:

*“a. En qué consisten las actuaciones llevadas a cabo, así como el plazo de ejecución de las mismas.*

*b. La titularidad del vial sobre el que se realizan las actuaciones.*

*c. La identidad de la empresa o empresas que están realizando las mencionadas obras.”*

O 8 de xuño de 2017 recibe un escrito do concello no que “ *comunícase que as obras das cales solicitaba información realizábanse por parte da empresa municipal de augas así como da empresa especializada na acometida eléctrica, sobre un camión de titularidade privada e uso público.*

*En ningún momento se indicaba en que consistían as obras”.*

O 21 de xullo de 2017 tendo coñecemento de que as obras non figuraban no portal da Transparencia e que nelas participaban empresas privadas solicita “ *acceso completo do expediente de contratación de ditas obras*”. Ante o silencio do concello novamente reitera a petición o 18 de setembro sen obter información.

O escrito remata indicando “ *Lembrar que esta información é:*

*1º.- Acceso ao referido expediente das obras que se levou a cabo nese viario.*

*2º.- Acceso aos contratos públicos entre o Concello de Teo e as adjudicatarias para a realización das citadas obras.”*

O escrito viña acompañado de da solicitude de 2 de maio de 2017 na que figuraba ademais do plano da zona da que se solicitaba información fotografías explicativas das obras e das datas das mesmas. Contestación do Concello de Teo. Solicitudes do 21 de xullo de 2017, e 18 de setembro de 2017, con imaxes das obras realizadas en novembro de 2016, Xuño , xullo e agosto de 2017

**Segundo.** Con data 27 de outubro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao concello para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 30 de outubro de 2017.

**Terceiro.** Con data 10 de novembro de 2017 se recibiu o informe do Concello de Teo e o expediente elaborado.

O informe, en resumo, solicita que se considere como completa a información facilitada á reclamante en contestación ao seu primeiro escrito é completa “ *xa que o desenvolvemento da citada obra encádrase dentro das actividades ordinarias do Servizo municipal de abastecemento e saneamento, independentemente de que interveñan empresas externas. Este é o caso de excavacións Midón SL que presta apoio ao persoal do servizo municipal de abastecemento e saneamento cando se precisan palas excavadoras para a apertura de zanxas.”*

Resulta difícil á administración contestar satisfactoriamente “ *ao non existir vinculación ou afección presumible*”.

Por último indica as tres obras levadas a cabo e que se trata de contratos menores para os que segundo a normativa de contratos a tramitación só exige a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente. Remitíndose copia dos tres expedientes.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### **Cuarto. Análise do expediente**

No expediente consta a presentación de tres escritos ao concello de Teo.

O escrito de 2 de maio de 2017 respostouse polo Concello o 8 de xuño de 2017, polo que o prazo para interpoñer recurso ante a Comisión da Transparencia rematou antes da interposición da reclamación na comisión, sendo inadmitido por extemporáneo. (artigo 24.2 Lei 19/2013 do 9 de decembro).

As solicitudes ante o Concello 21 de xullo e 18 de setembro de 2017, carecen de tramitación, polo que tendo en conta a aplicación da normativa de procedemento administrativo común se poderá interpoñer o recurso en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica se produzan os efectos do silencio. Por tanto, estas peticións son as que vanse a analizar A petición destes escritos é a: *“ Copia en soporte electrónico del expediente completo referido a las actuaciones llevadas a cabo en el citado vial”* .

O Concello achega esta información á Comisión da Trasporencia, pero non consta a súa remisión á interesada.

Segundo o artigo 33.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro correspóndelle á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública, por tanto, a achega da información pública segue sendo competencia do titular da información pública neste caso o Concello de Teo.

Por tanto, procede inadmitir por extemporánea a reclamación en canto fai ao escrito de 2 de maio de 2017, e estimar o resto da solicitude nos termos indicados neste apartado.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Primeiro:** Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] con data 23 de outubro de 2017, contra a denegación do Concello de Teo por silencio nos termos indicados no parágrafo cuarto do fundamento xurídico.

**Segundo:** Instar ao Concello de Teo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Teo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga